

MINISTERIO DE FOMENTO

3295 *ORDE FOM/304/2007, do 31 de xaneiro, pola que se modifica a clasificación de aeroportos para efectos da taxa por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario. («BOE» 41, do 16-2-2007.)*

O punto 2 do artigo 5 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público establece, para efectos da aplicación da taxa por prestación de servizos e utilización de dominio público aeroportuario que, ata que non se modifique conforme o disposto na citada lei, a clasificación de aeroportos será a establecida na Orde ministerial do 13 de maio de 1994.

O obxectivo de favorecer a implantación de empresas e a maior utilización dos espazos á disposición dos clientes nun momento en que o aeroporto está acometendo obras de ampliación co obxecto de adecuar as súas infraestruturas e servizos con motivo do incremento de tráfico que se prevé pola celebración da Expo 2008 en Zaragoza, fai necesario modificar esta clasificación co fin de pasar o aeroporto de Zaragoza do grupo C ao D. Este cambio implica unha modificación das contías fixas das tarifas, polo que procede a súa actualización mediante orde ministerial de acordo co artigo 10.4 da Lei 25/1998.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da clasificación dos aeroportos para os efectos da aplicación da taxa por prestación de servizos e utilización de dominio público aeroportuario.*

De conformidade co disposto nos artigos 5.2 e 10.4 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, e para os efectos da aplicación da taxa por prestación de servizos e utilización de dominio público aeroportuario regulada nos artigos 4 ao 11 da citada lei, a clasificación dos aeroportos españois será a seguinte:

Grupo A: Alacante, Barcelona, Gran Canaria, Ibiza, Lanzarote, Madrid Barajas, Málaga, Palma de Mallorca, Tenerife norte e Tenerife sur.

Grupo B: Bilbao, Fuerteventura, Menorca, Sevilla e Valencia.

Grupo C: Almería, Asturias, Federico García Lorca Granada-Jaén, Jerez, A Coruña, La Palma, Santiago de Compostela e Vigo.

Grupo D: Albacete, Badajoz, Burgos, Ceuta, Córdoba, Girona, El Hierro, La Gomera, La Rioja-Logroño, León, Madrid-Cuatro Vientos, Melilla, Huesca Pirineos, Murcia-San Javier, Pamplona, Reus, Sabadell, Salamanca, San Sebastián, Santander, Son Bonet, Torrejón, Valladolid, Vitoria, Zaragoza e todos aqueles aeroportos e heliportos non incluídos expresamente nos grupos anteriores.

Disposición derogatoria. Derrogación do anexo II da Orde do 13 de maio de 1994.

Queda derogado o anexo II da Orde do 13 de maio de 1994.

Disposición derradeira. Entrada en vigor.

A presente orde entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 31 de xaneiro de 2007.—A ministra de Fomento, Madalena Álvarez Arza.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3382 *CORRECCIÓN de erros da Orde PRE/4063/2006, do 29 de decembro, pola que se introducen modificacións no Regulamento de circulación aérea aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, relativas a servizos de tránsito aéreo, procedementos de navegación aérea e sinais. («BOE» 42, do 17-2-2007.)*

Advertidos erros no texto da Orde PRE/4063/2006, do 29 de decembro, pola que se introducen modificacións no Regulamento de circulación aérea aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, relativas a servizos de tránsito aéreo, procedementos de navegación aérea e sinais, publicada no Boletín Oficial del Estado, suplemento número 2, do 10 de xaneiro de 2007, procédese a efectuar as seguintes rectificacións:

Páxina 304, substitúese a táboa de condicións de visibilidade e distancia de nubes de voos VFR pola seguinte:

Táboa de condicións de visibilidade e distancia de nubes de voos VFR

Altitude	Clases de espazo aéreo	Visibilidade de voo	Distancia das nubes	
			Horizontal	Vertical
A, ou por riba, de FL 100 *	B C D E F G	8 km	1.500 m	300 m (1000 ft)
Entre FL 100 e 900 m (3000 ft) AMSL ou 300 m (1000 ft) AGL, de ambos os valores o maior.		5 km		
A, ou por debaixo, de 900 m (3000 ft) AMSL ou 300 m (1000 ft) AGL, de ambos os valores o maior.	B C D E	5 km **	Libre de nubes e coa superficie á vista.	
	F G			

* Cando a altitude de transición é inferior a 3050 m (10.000 ft) AMSL, utilízase o FL 100 en vez de 10.000 ft.

** Cando así o prescriba a autoridade ATS competente:

a) poden permitirse visibilidades de voo inferiores, ata 1500 m, para os voos que se realicen:

1) a velocidades que nas condicións de visibilidade predominantes dean oportunidade adecuada para observar o tránsito, ou calquera obstáculo, con tempo suficiente para evitar unha colisión; ou

2) en circunstancias en que haxa normalmente poucas probabilidades de encontrarse con tránsito, como en áreas de escaso volume de tránsito e para efectuar traballos aéreos a pouca altura.

b) Os helicópteros poden estar autorizados a voar cunha visibilidade de voo inferior a 1500 m se manobran a unha velocidade que dea oportunidade adecuada para observar o tránsito, ou calquera obstáculo, co tempo suficiente para evitar unha colisión.

Páxina 304, no artigo único, tres, punto 3.2.19.1, na penúltima liña, onde di: «...asHTam...», debe dicir «ASHTAM...».